1. Que valoración fai o Goberno galego de que a pesares do número de desempregados que ten a nosa comunidade teñamos case 12.000 postos de traballo sen cubrir?

2. Que medidas inmediatas vai adoptar o Goberno galego para corrixir esta disfunción?

3. Como pensa reforzar o Servizo Público de Emprego de Galicia que garanta a necesaria intermediación entre oferta e demanda?

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:58:19
Nº Rexistro: 31117
Data envio: 14/08/2025 13:58:19.069

4. Por que a formación impartida pola Xunta de Galicia na súa maioría non se adecúa ás necesidades do mercado laboral galego?

5. Pensa o Goberno galego adoptar medidas en relación coa falta de execución orzamentaria?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:58:19
Nº Rexistro: 31117
Data envio: 14/08/2025 13:58:19.069

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:22:23
Elena Espinosa Mangana na data 14/08/2025 12:22:32
Silvia Longueira Castro na data 14/08/2025 12:23:07

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:58:19

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:58:49
Nº Rexistro: 31118
Data envío: 14/08/2025 13:58:49.340

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª.**

As masas de frondosas en Galicia ocupan un 29 % da superficie arborada, apenas supoñen o 3 % das cortas de madeira anual, o que dá idea da súa infrautilización.

A súa taxa de aproveitamento actual por ano supón apenas un 15 % do crecemento anual, o cal quere dicir que a súa taxa de aproveitamento sostible, podería ser, cando menos, 6 veces superior, o que pasaría das case aproximadamente 270 mil toneladas de corta anual, a practicamente 1,5 millóns de toneladas ao
As frondosas caducifolias en Galicia carecen actualmente dun plan de aproveitamento, orientado a mellorar a súa calidade. A pouca madeira destas especies que se vén cortando correspóndese basicamente con madeiras de escasa calidade, que se destinan a consumo doméstico como leñas (un 17 % aproximadamente), unha minoría a industrias de aserrado e chapa (un 25 % adicional) e o resto (un 68 %) como madeira de trituración principalmente para a industria de taboleiros, xa que non ten calidade para usos de maior valor engadido.

O gran reto de mobilización desta madeira é achegar a este grupo de especies a xestión forestal sostible. De xeito que estas masas teñan non só un valor medioambiental, senón tamén económico, o cal facilitaría a súa vez o interese do propietario forestal no seu uso, promoción e mellora, e redundaría nun mellor estado forestal do monte e da saúde.

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:23
Por Lara Méndez López

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:23
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:58:49
Nº Rexistro: 31118
Data envio: 14/08/2025 13:58:49.340

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, entendemos que este plan debe de ter como horizonte:

- Medidas de silvicultura, con actuacións específicas nas masas de frondosas, para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais.

- Medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivos.

- Medidas para o uso da madeira de frondosas en produtos de alto valor engadido, para o cal se debe de realizar programas específicos para aspectos de innovación que apoien novos procesos e produtos a partir destas especies.

- Medidas de sanidade vexetal, para a protección e o combate das principais pragas e enfermidades que afectan a estas masas (cancro, tinta, avespilla do castiñeiro, Altica, *quercetorum* no caso das carballeiras e rebolos, tinta dos ameneiros).

Deben de se desenvolveren, e incluso ampliarse os obxectivos de intervención fixados no Plan forestal de Galicia, de xeito que se dediquen recursos do PEPAC ao coidado e mellora destas masas no actual período de programación 2023-2027 dos fondos europeos.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cales son as causas da infrautilización da madeira de frondosas caducifolias en Galicia?

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:58:49
Nº Rexistro: 31118
Data envio: 14/08/2025 13:58:49.340

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2ª. Valora o Goberno galego realizar un plan de aproveitamento de frondosas caducifolias para aumentar a súa calidade?

3ª. Vai emprender o Goberno galego actuacións específicas nas masas de frondosas para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais?

4ª. De ser positiva a anterior resposta, que medidas vai pór en marcha o Goberno galego?

5ª. Considera o Goberno galego necesarias medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivas?

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:23:18**

**Lara Méndez López na data 14/08/2025 12:23:29**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:58:49**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:59:23
Nº Rexistro: 31119
Data envio: 14/08/2025 13:59:23.056

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialists de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª.**

Entre os días 4, 5 e 6 do mes de setembro deste ano, un lume con orixe en Portugal queimou, logo de entrar en territorio do concello de Lobeira e estenderse despois polo limítrofe concello de Entrimo, arredor de 225 hectáreas.

Un ano máis, e a conta que os acumula xa é moi longa, un incendio forestal de considerables dimensións afectaba a esta parte do suroeste ourensán. Un verán máis a comarca da Baixa Limia sitúa a súa superficie na parte alta do catálogo de lumes.

Pero non é, ou non deberíamos resignarnos e consideralo así un incendio máis, nin son as calcinadas unhas hectáreas calquera. O monte ardido neses cumios da Fandia e Serra de Quégoas pertencen a zonas de especial protección do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Falamos dun territorio que reúne todas as consideracións medioambientais:

- Rede Natura 2000, zona Zepa, Reserva da Biosfera da Unesco... que o converten, ou deberían convertelo, en obxectivo prioritario á hora de trazar as políticas de xestión dos espazos protexidos.

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:41
Por Lara Méndez López

Asinado o día 14/08/2025 ás 12:41
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:59:23
Nº Rexistro: 31119
Data envío: 14/08/2025 13:59:23.056

A realidade, non obstante, constata un panorama ben distinto que vai deixando ao descuberto todas as carencias que a Administración autonómica vén arrastrando non últimos lustros.

A falta de impulso que o Goberno galego arrastra no manexo diario deste parque - sen director ou directora a día de hoxe que o rexa – foi impondo a unanimidade na sensación que respecto del ten as partes afectadas (veciños, colectivos, asociacións, comunidades de montes, autoridades locais e visitantes); a decepción e incomodade, prexuízo e resignación.

Basta ver o estado das infraestruturas que o propio parque nos seus inicios creou para darse idea clara da lamentable situación.

Desbarátese así un dos piares sobre os que se construíu esta figura de protección, a dun motor económico para a zona a través do deporte de montaña e o de turismo de natureza e que constituíu o argumento principal nun parque que ten como principal característica a de estar habitado.

O lume, teimoso e recorrente no Xurés converte en cinza o segundo dos baseamentos que o sostén; unha flora e unha fauna de valía tal que merecen o recoñecemento desde o punto de vista ambiental que ao principio temos citado.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que é admisible o número de incendios forestais e a superficie queimada no Parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés nos últimos tempos?

2. Resígnase a conselleira de Medio Ambiente e a do Medio Rural a que esta situación se siga dando nos anos vindeiros?

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:59:23
Nº Rexistro: 31119
Data envio: 14/08/2025 13:59:23.056

3. Cales son as medidas acordadas co Goberno portugués para coordinar as actuacións no caso de incendios orixinados en territorio luso?

4. Que plan de actuación ten o Goberno galego para que o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés se converta en motor económico da Comarca Baixa Limia?

5. Cando van reparar as infraestruturas que se encontran en mal estado (paneis informativos, limpeza e sinalización de rutas ... )?

Parlamento de Galicia, 14 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:59:23
Nº Rexistro: 31119
Data envio: 14/08/2025 13:59:23.056

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/08/2025 12:41:19**

**Lara Méndez López na data 14/08/2025 12:41:27**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:59:23
Nº Rexistro: 31119
Data envio: 14/08/2025 13:59:23.056

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:59:23**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 10:27:20
Nº Rexistro: 30764
Data envio: 11/08/2025 10:27:20.485

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Sonia Vidal Lamas,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o risco medio ambiental na balsa de auga de rego do concello de Sarreaus.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No termo municipal de Sarreaus, concretamente na parcela 370 do polígono 501 (referencia catastral 32079A501003700000KI), existe unha infraestrutura hídrica que se atopa actualmente en risco ambiental debido á presenza dunha embarcación industrial afundida. Esta embarcación, de orixe descoñecida, presenta un avanzado estado de corrosión e, segundo diversas testemuñas visuais, está a verter combustible e outros fluídos contaminantes directamente na lámina de auga.

A presenza desta estrutura afundida non é un feito illado nin anecdótico: representa unha ameaza directa para a calidade da auga, a seguridade ambiental e o equilibrio ecolóxico da contorna. A presunta presenza de hidrocarburos ou compostos contaminantes flotando na superficie foi xa detectada visualmente, e a falta de actuación inmediata podería agravar o deterioro do ecosistema local e mesmo afectar indirectamente a actividades produtivas estratéxicas da zona.

Segundo consta nun certificado de titulares do predio, no ano 1996 a titularidade da parcela correspondía a Xestur S.A., pasando posteriormente por mans do Concello de Sarreaus e, finalmente, quedando en propiedade da entidade Aliseda S.A.U. Cómpre salientar que esta sociedade xestiona inmobles e activos vinculados a procesos de recuperación bancaria, e é identificada publicamente como unha das entidades herdeiras



Asinado o día 11/08/2025 ás 10:25
Por Sonia Vidal Lamas
CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 10:27:20
Nº Rexistro: 30764
Data envío: 11/08/2025 10:27:20.485

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

do chamado "banco malo". Esta circunstancia, sen entrar en cualificacións directas, chama a atención sobre a responsabilidade patrimonial e legal que recae sobre esta empresa, que mantén en mans privadas un espazo onde se produce unha evidente degradación ambiental.

O abandono dese barco podería estar asociado a unha actividade industrial vinculada á extracción ou movemento de materiais (posiblemente área), realizada no pasado na contorna da balsa. A ausencia de sinalización, estudo de impacto ambiental ou plans de vixilancia permanentes por parte das autoridades competentes (Concello, Deputación de Ourense e Xunta de Galiza) pon en evidencia unha grave falla de control institucional nun espazo que manexa recursos hídricos sensibles.

Neste senso, resulta alarmante que, malia a existencia dun obxecto industrial afundido en auga estancada, a Xunta de Galiza, a través dos seus organismos especializados (como Augas de Galiza ou a Consellería de Medio Ambiente), non teña feito pública ningunha avaliación ambiental, plan de descontaminación nin procedemento de retirada da estrutura. A ausencia de transparencia e a falta de datos oficiais sobre a composición dos fluídos que supostamente se están a verter representa unha ocultación institucional inaceptable.

Aliándonos cos principios de precaución, transparencia e defensa do ben común, esta situación require unha resposta urxente por parte das administracións públicas, tanto a nivel local como autonómico e provincial. A posible afectación ao ciclo hídrico, ao chan e ao equilibrio natural da comarca da Limia podería derivar nun problema sanitario, ecolóxico e mesmo socioeconómico de gran escala.

En ausencia de medidas inmediatas, as administracións estarían incorrendo nunha deixación das súa obrigas de protección ambiental, coidado do territorio e defensa da cidadanía rural galega.



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 10:27:20
Nº Rexistro: 30764
Data envio: 11/08/2025 10:27:20.485

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten constancia a Xunta de Galiza da presenza dunha embarcación industrial afundida na balsa de rega situada na parcela 370 do polígono 501 no termo municipal de Sarreaus?

. Que medidas tomou Augas de Galiza, se é que tomou algunha, dende a detección desta estrutura industrial en avanzado estado de corrosión?

. Realizouse algunha analítica da calidade da auga desa balsa nos últimos dous anos? Pode o Goberno galego facilitar os resultados?

. Existen informes técnicos ou inspeccións ambientais previas sobre este caso? En caso afirmativo, por que non foron publicados?

. Que responsabilidades ambientais poderían derivarse da presenza de hidrocarburos ou outros axentes contaminantes nesta infraestrutura de uso agrario?

. Vai a Xunta iniciar de oficio un proceso de retirada do barco e limpeza da balsa? Que prazos e medios pensa destinar?

. Ten a Xunta previsto artellar un protocolo de control e supervisión de augas en zonas de regadío potencialmente contaminadas por restos industriais abandonados?

. Está prevista algunha acción coordinada coa Deputación de Ourense ou co Concello de Sarreaus para garantir a seguranza ambiental da contorna?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 10:27:20
Nº Rexistro: 30764
Data envio: 11/08/2025 10:27:20.485

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 11/08/2025 10:25:10**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 10:27:20
Nº Rexistro: 30764
Data envio: 11/08/2025 10:27:20.485

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/08/2025 10:27:21**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 13:06:03
Nº Rexistro: 30821
Data envio: 11/08/2025 13:06:03.456

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a concesión de auga a ALTRI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentes informacións poñen de relevo a baixada alarmante do nivel do encoro de Portodemouros, así como do caudal dos ríos e regatos que verten nel. Os datos feitos públicos o pasado 8 de agosto son elocuentes: o encoro está ao 39% de capacidade, cando o ano pasado nesta mesma época do ano estaba no 52% e a media da última década no mes de agosto foi do 71%.

As causas desta situación son fundamentalmente dúas:

-a seca producida pola calor e a ausencia de precipitacións, e

-o incremento do turbinado das augas do encoro por parte de Naturgy, empresa concesionaria do salto hidroeléctrico de Portodemouros.

Ao entender de moitas persoas expertas, e tamén do BNG; esta situación é incompatíbel coa autorización da concesión para a captación de 48 millóns de litros de auga/día, e o vertido de 30 millóns de litros de auga/día, solicitada por ALTRI durante 75 anos. É o mesmo se se pretende maquillar o impacto da autorización reducindo o período da concesión e a cantidade de auga captada e vertida.

A este respecto cómpre ter en conta a xerarquía dos usos de auga recollida na normativa hidrolóxica estatal e reproducida a Orde do 10 de febreiro de 2023 pola que se dispón a publicación da normativa do plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa.



Asinado o día 11/08/2025 ás 13:03
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 13:06:03
Nº Rexistro: 30821
Data envio: 11/08/2025 13:06:03.456

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

E sobre todo cómpre ter en conta a evidencia científica a respecto do cambio climático e as previsións sobre o incremento da frecuencia e a intensidade dos períodos de seca e redacción da dispoñibilidade de auga.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o estado da tramitación da solicitude presentada por ALTRI en novembro de 2022 para a concesión por 75 anos da captación de augas no encoro de Portodemouros e de vertido de augas no río Ulla?

Que valoración fai o Goberno galego da situación do nivel das augas do encoro de Portodemouros e do caudal do río Ulla e dos seus afluentes augas arriba do encoro?

Ten previsto o Goberno galego, por medio da entidade empresarial Augas de Galicia, autorizar a ALTRI a concesión de captación de auga no encoro de Portodemouros e o vertido de auga no río Ulla tendo en conta o escenario de secas recorrentes, decenso de precipitacións e baixada do nivel do encoro de Portodemouros e do caudal do río Ulla?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 13:06:03
Nº Rexistro: 30821
Data envío: 11/08/2025 13:06:03.456

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 11/08/2025 13:03:42

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 13:06:03
Nº Rexistro: 30821
Data envio: 11/08/2025 13:06:03.456

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/08/2025 13:06:04**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 13:35:20
Nº Rexistro: 30827
Data envio: 11/08/2025 13:35:20.367

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres,** deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os acordos entre Impulsa e ALTRI e as medidas que debe tomar o goberno galego logo do anuncio da disolución da Sociedade Impulsa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de xullo de 2025 o BNG recibiu resposta a unha solicitude de documentación rexistrada no mes de febreiro de 2025, na que se demandaba diferente documentación dos acordos e comunicacións entre a Sociedade Impulsa e a empresa ALTRI.

Nesta resposta vólvese argumentar que “a participación pública en Impulsa é minoritaria e, como tal, trátase dunha sociedade privada. Así, a información solicitada é un conxunto de documentos asinados entre distintas sociedades, operando no ámbito privado”.

Esta argumentación, que contradí os criterios do Consello de Contas, obvia que a Sociedade Impulsa é un instrumento creado e controlado polo goberno galego para o fomento de proxectos denominados “tractores”. E omite que os acordos asinados entre Impulsa e ALTRI, entre eles o memorando de entendemento do 1 de outubro do 2021 e o “acordo definitivo asinado despois da verificación de un conxunto de condicións” son documentos de interese público e de grande transcendencia para avaliar a posterior tramitación polo goberno galego do proxecto industrial estratéxico da macrocelulosa que se pretende instalar na Ulloa.

Asinado o día 11/08/2025 ás 13:33
Por Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A ocultación por parte da Xunta destes documentos deixa ben ás claras que se trata de información incómoda, sensíbel e que podería dar pé á nulidade do procedemento seguido. E mesmo á depuración de responsabilidades na vía administrativa e xudicial.

O recente anuncio da disolución da Sociedade Impulsa fai que medre a preocupación pola ocultación desta documentación. Mesmo pode ser unha medida encamiñada a facer desaparecer documentos de grande relevancia para coñecer o modus operandi previo á fase de solicitude formal de declaración da planta industrial de ALTRI como proxecto industrial estratéxico.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Existe unha copia de seguridade de toda a documentación da Sociedade Impulsa?

Logo do anuncio da disolución de Impulsa, ten previsto o goberno galego tomar as medidas para que se garde esa copia de segridade, facendo valer a súa condición de promotor e socio maioritario da Sociedade Impulsa?

Ten previsto o goberno galego garantir que a Sociedade Impulsa traslade ao Consello de Contas a información relevante en materia contábel, para que poida ser obxecto de fiscalización por este órgano estatutario?

Vai o goberno galego tomar as medidas para que se envíe ao parlamento toda a documentación dos acordos entre a Sociedade Impulsa e ALTRI, así como as comunicacións entre as dúas sociedades en relación co proxecto industrial que a empresa portuguesa pretende poñer en marcha na comarca da Ulloa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 13:35:20
Nº Rexistro: 30827
Data envio: 11/08/2025 13:35:20.367

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 11/08/2025 13:33:08**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 13:35:20
Nº Rexistro: 30827
Data envio: 11/08/2025 13:35:20.367

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/08/2025 13:35:20

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Real decreto-lei 7/2025 inclúe medidas chave para o desenvolvemento de proxectos de almacenamento enerxético, un dos piares estratéxicos para garantir a estabilidade do sistema eléctrico nun contexto de expansión das renovables. Sen almacenamento non hai transición enerxética eficaz nin capacidade para integrar grandes volumes de xeración eólica ou solar.

O voto en contra do PP e do BNG a este decreto supón un freo inxustificable a unha oportunidade industrial para Galicia, que conta con potencial e coñecemento para desenvolver proxectos estratéxicos neste campo. Galicia non pode perder este tren por cuestións partidistas.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia colaborar co Goberno de España para impulsar proxectos de almacenamento enerxético en Galicia aproveitando os instrumentos do RDL 7/2025?

2. Cales son os proxectos en carteira ou previstos pola Xunta de Galicia neste ámbito?

3. Considera o Goberno galego que o voto en contra do PP e do BNG no Congreso prexudica as posibilidades industriais e tecnolóxicas de Galicia no sector do almacenamento?

Asinado o día 12/08/2025 ás 10:32
Por Lara Méndez López

Asinado o día 12/08/2025 ás 10:31
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 10:35:10
Nº Rexistro: 30879
Data envio: 12/08/2025 10:35:10.306

Grupo
Parlamentario
Socialista

Parlamento de Galicia, 12 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 10:35:10
**Nº Rexistro: 30879**
Data envio: 12/08/2025 10:35:10.306

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/08/2025 10:31:58**

**Lara Méndez López na data 12/08/2025 10:32:08**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 10:35:10
Nº Rexistro: 30879
Data envío: 12/08/2025 10:35:10.306

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 10:35:10

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Real decreto-lei 7/2025, aprobado polo Goberno de España, incorpora medidas fundamentais para avanzar na democratización da enerxía, como o impulso ao autoconsumo e ás comunidades enerxéticas locais. Estas medidas permiten reducir a dependencia enerxética, abaratar o custo da luz para fogares, pequenas empresas e entidades locais, e favorecer un modelo máis xusto e distribuído.

Lamentablemente, tanto o Partido Popular como o BNG votaron en contra deste decreto no Congreso dos Deputados, obstaculizando a súa validación e pondo en risco beneficios directos para moitas iniciativas galegas que levan anos loitando por un modelo máis sostible e participativo. Galicia non pode quedar atrás nun momento chave da transición ecolóxica.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Comparte o Goberno galego o rexeitamento expresado polo PP e o BNG a este Real decreto-lei no Congreso dos Deputados?

2. Vai o Goberno galego reforzar o seu compromiso co desenvolvemento do autoconsumo e das comunidades enerxéticas locais aproveitando os mecanismos do RDL 7/2025?

Asinado o día 12/08/2025 ás 10:42
Por Lara Méndez López

Asinado o día 12/08/2025 ás 10:42
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 10:45:17
Nº Rexistro: 30885
Data envio: 12/08/2025 10:45:17.361

3. Que actuacións concretas prevé a Xunta para asegurar que os fondos previstos cheguen ás iniciativas locais galegas?

Parlamento de Galicia, 12 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 10:45:17
Nº Rexistro: 30885
Data envío: 12/08/2025 10:45:17.361

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/08/2025 10:42:33**

**Lara Méndez López na data 12/08/2025 10:42:42**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 10:45:17
Nº Rexistro: 30885
Data envio: 12/08/2025 10:45:17.361

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 10:45:17**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 11:39:07
Nº Rexistro: 30890
Data envio: 12/08/2025 11:39:07.424

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta recuperar o diálogo coa veciñanza afectada pola ordenación urbanística que a Xunta iniciou en Monte Martelo (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os terreos de Monte Mero, situados nos accesos á cidade da Coruña, entre a Avenida de Alfonso Molina e o novo barrio en desenvolvemento de Xuxán, acaban de ser noticia pública pola decisión da Xunta de proxectar neles algo máis de 4.000 vivendas, das que o 80% serán destinadas a vivenda pública ou protexida.

Este é un dos Proxectos de Interese Autonómico (PIA) que está a proxectar o goberno da Xunta en materia de vivenda.

A noticia viuse ensombrecida pola preocupación das familias que están a habitar unha parte deste terreo, mesmo ao longo das últimas xeracións, e que agora ven este proxecto como unha ameaza ante a anunciada expropiación e derrubo das súas casas.

Concretamente, estamos a falar de 38 edificacións, das que 35 son casas, nalgúns casos habitadas por persoas maiores que levan residindo nelas toda a vida.

Nunha primeira xuntanza cos responsábeis da Xunta, estes aseguráronlles que se ían manter todas, mais na segunda reunión confirmáronlles o contrario, que non se mantería ningunha porque non encaixan na planificación prevista no ámbito.

Asinado o día 12/08/2025 ás 11:37
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A solución que propón a Xunta a este propietarios é ofrecerlles que merquen unha parcela e constrúan a nova casa nun espazo que ten reservada a Xunta en Monte Mero, asumindo o total do seu custe e recibindo pola expropiación das súas propiedades o pagamento como solo rústico, cando agora figura como solo pendente de ordenación -urbanizábel non programado.

A veciñanza xa presentou alegacións a este proxecto e a Xunta anunciou publicamente que continuarán reuníndose coas persoas afectadas, mais ningunha comunicación directa se ten producido.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que mudou de opinión a Xunta á hora de conservar as vivendas existentes no proxecto de ordenación e urbanización de Monte Mero?

- Pensa o goberno da Xunta que é xusta e facilitadora a opción de compra dunha nova casa ou piso ás familias afectadas polo derrubo da súa casa despois de lles pagar as súas propiedades como solo rústico?

- Por que mudan a catalogación do solo?

-Vai recuperar de inmediato a Xunta o diálogo coa veciñanza afectada polo derrubo das súas propiedades que promove o PIA de Monte Mero?

- Comprométese a analizar a Xunta a situación da veciñanza afectada e procurar solucións xustas e favorábeis para todos os propietarios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 11:39:07
Nº Rexistro: 30890
Data envio: 12/08/2025 11:39:07.424

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 12/08/2025 11:37:55**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 11:39:07
Nº Rexistro: 30890
Data envío: 12/08/2025 11:39:07.424

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 11:39:08**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 13:46:35
Nº Rexistro: 30904
Data envio: 12/08/2025 13:46:35.871

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de especialistas para dar unha atención educativa de calidade a todo o alumnado do CEIP "Mestre Ramiro Sabell Mosquera" de Ponteareas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP "Mestre Ramiro Sabell Mosquera" de Ponteareas é un centro de Infantil e Primaria cunha matrícula preto de 300 alumnos. No curso 2024/25 contaba cun cadro de persoal de 32 mestres/as. Co mesmo número de unidades, esta escola pasará a dispoñer de 30 docentes, con maiores necesidades educativas.

Neste curso pasado había 34 alumnos/as que necesitaban atención especializada debido a trastornos no desenvolvemento da linguaxe. Alumnos que teñen serias dificultades na comprensión e o uso da linguaxe nas aulas e que, ao non dispoñer dos apoios e reforzos precisos, repercutirá negativamente na súa evolución persoal, educativa e social.

Malia isto, tan só contaron no centro cunha especialista de Audición e Linguaxe que non podía atender a todos os casos nas 23 horas semanais. Agrupáronse aos nenos e nenas con iguais diagnósticos para atender ao maior número posible, pero unha decena deles non tiveron unha atención específica como recomendaban os seus informes médicos e/ou de Orientación.

No vindeiro curso, 2025/26, este número de alumnado con esta mesma necesidade específica vaise ver incrementado co novo alumnado de 4º Infantil, polo que moitas máis nenas e nenos quedarán sen a atención personalizada e de calidade que corresponde, como dereito básico, a cada un deles e delas.

Asinado o día 12/08/2025 ás 13:45
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Este centro sempre foi referente, en Ponteareas e tamén para outros Concellos, dunha atención exemplar para o alumnado NEAE, a mesma Inspección é consciente do bo traballo do equipo de orientación da escola e das melloras innovadoras que se teñen implementado para este alumnado tan vulnerable nos últimos anos.

Nestes últimos cursos, a situación é moi preocupante para as familias, ás que se lles está advertindo os primeiros días de clase que os seus fillos e fillas non van dispoñer dos recursos e apoios que necesitan para poder enfrontar o seu avance nas distintas etapas educativas, sobre todo en Infantil, xa que unha atención temperá vai marcar a diferencia no seu desenvolvemento educativo nas seguintes etapas.

Se nos primeiros días de curso os recursos de especialistas non se incrementan, a dirección do centro deberá deixar sen a atención que merecen estes alumnos/as NEAE, prexudicando ao alumnado máis vulnerable e que máis o precisa. Mentres a Consellería de Educación centra os seus esforzos no avance dixital, nos centros educativos está a deixar de lado o máis importante que é dotar do profesorado e especialistas necesarios para unha maior atención para avanzar debídamente na aula.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, tendo en conta as necesidades do CEIP “Mestre Ramiro Sabell Mosquera” de Ponteareas, reforzar o cadro de persoal definitivo no centro aumentando o número de especialistas en Audición e Linguaxe para atender con total garantía a todo o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo matriculado no centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 13:46:35
Nº Rexistro: 30904
Data envio: 12/08/2025 13:46:35.871

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 12/08/2025 13:45:21**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 13:46:35
Nº Rexistro: 30904
Data envio: 12/08/2025 13:46:35.871

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 13:46:36

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 09:45:11
Nº Rexistro: 30916
Data envio: 13/08/2025 09:45:11.254

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa comunidade educativa do CEIP María Pita da Coruña para dar resposta ás deficiencias do centro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade que se repite en multitude de centros educativos galegos é o grave deterioro ao que, por falta do necesario mantemento progresivo, se viron sometidos desde hai anos.

Un mantemento inexistente en infraestruturas que acaba por dificultar o desenvolvemento da docencia e de servizos complementarios fundamentais para a conciliación familiar, como é o comedor escolar, en cuxo funcionamento se ven obrigados a asumiren unha importante carga de responsabilidade e xestión as familias a través das ANPAS como única alternativa ante a desidia da Xunta de Galiza que evade as súas responsabilidades.

Un exemplo do que estamos a comentar reprodúcese no CEIP María Pita da Coruña, tanto no que respecta ás múltiples deficiencias estruturais que presenta o edificio escolar como no longo percorrido das reclamacións ante a Xunta desta comunidade educativa.

Visitando este centro e en contacto coas familias do alumnado, o grupo parlamentario do BNG seguimos a comprobar como persiste a paralización sine die das obras apenas iniciadas de mellora da eficiencia enerxética. Unha situación que xa



Asinado o día 13/08/2025 ás 09:44
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

trasladamos en diferentes iniciativas parlamentares desde o ano 2023 e que a Xunta novamente desatendeu.

Por outra banda, a inexistencia dun patio cuberto obriga o alumnado a permanecer nas aulas nos días de choiva en horario de recreo, xa que a única zona semicuberta que hai é unha pista aberta completamente polos laterais na que se forman pozas, o que inviabiliza o seu uso boa parte do tempo lectivo.

Finalmente, no CEIP María Pita reitérase un problema cada vez máis común aos colexios: a incapacidade, por falta de espazo e en boas condicións, para asumir todas as peticións de atención do servizo de comedor xestionado pola ANPA ante a incomparecencia da Xunta.

O espazo dedicado a comedor escolar é moi pequeno e insuficiente; ademais, está a ocupar o mesmo espazo dedicado a ximnasio, o único espazo cuberto en todo o centro, coas consecuencias negativas que esa coincidencia de usos tan dispares ocasiona.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o goberno da Xunta as reiteradas deficiencias que presenta o CEIP María Pita da Coruña?

- É consciente das limitacións educativas que implica un centro sen espazo exterior cuberto que priva o alumnado de saír nos recreos boa parte dos días lectivos por causa da chuvia?

- Cando prevé dar cabo ao proxecto comprometido de pechar os laterais do pavillón exterior para o seu uso escolar e lúdico?



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Como valora as limitacións do espazo dedicado ao servizo de comedor que está a xestionar a ANPA?

- Que medidas vai tomar a Xunta para que o servizo de comedor funcione como unha alternativa real de conciliación eficaz para as familias?

- Comprométese a colaborar co arranxo dun espazo para comedor que cumpra coas necesidades e demandas deste centro?

- Que previsión temporal ten o goberno para rematar as obras incompletas de mellora da eficiencia enerxética?

- Comprométese a Xunta a dar resposta nos orzamentos de 2026 ás necesidades longamente demandadas polas familias do CEIP María Pita da Coruña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 09:45:11
Nº Rexistro: 30916
Data envio: 13/08/2025 09:45:11.254

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 13/08/2025 9:44:04**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 9:45:11**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:19:11
Nº Rexistro: 30924
Data envío: 13/08/2025 10:19:11.635

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ariadna Fernández González,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os proxectos de parques eólicos Pico Seco e Rodeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente publicación da sentenza do Tribunal Europeo foi recibida con grande satisfacción por parte da Xunta de Galiza, cunha interpretación pouco exacta desta en canto á maioría dos parques eólicos suspendidos cautelarmente en Galiza polo TSXG, decisión ratificada polo Tribunal Supremo posteriormente. Tanto é así, que non implicaría cambios nas paralizacións de máis de 80 proxectos eólicos espallados polo país, ao igual que é o caso dos situados na comarca do Deza, en concreto Pico Seco e Rodeira, que se atopan nesta situación por as afeccións medioambientais que podería causar a súa instalación.

Os parques eólicos Pico Seco e Rodeira afectan ámbolos dous ao concello de Lalín, tendo tamén incidencia no concello de O Irixo e Vila de Cruces respectivamente. As dúas autorizacións administrativas previas ás súas instalacións foron concedidas pola Xunta de Galiza no 2023, coa conseguinte publicación da información no DOG, onde se especificaba a potencia de cada un deles (27MW e 12,6MW) e o número de aeroxeradores (7 e 2 respectivamente) que se instalarían, en ambos casos de máis de 100 metros de altura e 150 de diámetro de rotor.

En ámbolos dous casos se presentaron solicitudes de paralización cautelar por parte da asociación ecoloxista ADEGA, que consideraba que tanto no caso do proxecto



Asinado o día 13/08/2025 ás 10:17
Por Ariadna Fernández González

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

promovido por Aerogeneración Galicia SL coma no de Green Capital Power existía un potencial impacto paisaxístico e ambiental, sendo aceptadas as alegacións por parte do TSXG. No caso de Pico Seco, está situado á beira da Rede Natura 2000 de Zobra e a Serra do Candan separándose, de levarse a cabo a súa instalación, dúas zonas de interconexión ecolóxica afectando a especies de fauna existentes na zona e aos seus movementos naturais. No parque de Rodeira a maior parte das instalacións do parque estarían proxectadas sobre zonas de máxima sensibilidade ambiental, moi próximas a diversos núcleos de poboación, co que iso implicaría no mantemento da biodiversidade e da vida das persoas afectadas. Con estas dúas suspensións a xustiza, tanto no TSXG coma no Tribunal Superior puxo o foco no mantemento da nosa paisaxe e patrimonio, evitando danos irreversibles en zonas de alta sensibilidade ambiental e valorando irregularidades nas diferentes tramitacións, coma poden ser os casos de fragmentacións de proxectos. No caso destes dous en concreto, Pico Seco leva asociado o PE Valdepereira, co que comparte instalacións e promotor, ao igual que Rodeira, que está na mesma situación co PE Cunca, por exemplo.

Tras a análise da sentenza do Tribunal Europeo, diversos xuristas sacan en conclusión que non haberá repercusión nas paralizacións cautelares decretadas polo TSXG, de xeito que non supón un cambio substancial ao respecto dos proxectos suspendidos, referíndose a cuestións completamente diferentes. Malia iso, coa nova de dita sentenza, a Xunta de Galiza celebrou o fallo insistindo que a enerxía eólica devolvería a normalidade ás tramitacións, entre as que se atopan os parques previamente citados nunha visita á comarca do Deza, alegando que se producirá un grande cambio no desenvolvemento industrial tanto da comarca coma de Lalín.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:19:11
Nº Rexistro: 30924
Data envío: 13/08/2025 10:19:11.635

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que os proxectos eólicos Pico Seco e Rodeira verán resolta a súa suspensión cautelar debido a sentenza do Tribunal Europeo?

. Considera a Xunta de Galiza que os habitantes de Lalín e Vila de Cruces perciben beneficios de algún tipo derivados da presenza dun parque eólico no seu concello? Se é así, sabería cuantificalos?

. Considera a Xunta de Galiza que autorizar instalacións eólicas que teñen afección sobre espazos ambientais sensibles é un procedemento axeitado por parte da administración en aras de protexer o patrimonio natural da zona?

. Cantos empregos directos lle consta á Xunta de Galiza que existen no parque eólico Monte Carrio? Cantos empregos directos se xerarían en Rodeira e Pico Seco?

. Considera a Xunta de Galiza que o espazo que arrodea ao Mosteiro de Carboeiro non se verá afectado polas instalacións do parque eólico Rodeira?

. Prevé a Xunta de Galiza analizar a incidencia de ámbolos dous parques eólicos nos recursos hídricos da zona, cada vez máis necesarios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:19:11
Nº Rexistro: 30924
Data envio: 13/08/2025 10:19:11.635

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 13/08/2025 10:17:37**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:19:11
Nº Rexistro: 30924
Data envio: 13/08/2025 10:19:11.635

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 10:19:12**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:40:21
Nº Rexistro: 30930
Data envio: 13/08/2025 10:40:21.020



## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O verán de 2025 está a deixar unha das campañas de incendios forestais máis graves dos últimos anos en Galicia, cunha superficie queimada que xa supera as 4.700 hectáreas, segundo datos oficiais a mediados de agosto, e con focos especialmente virulentos na provincia de Ourense —co incendio de Chandrexa de Queixa arrasando preto de 3.000 hectáreas—, e outros en Ponteceso, Vilardevós, Maceda, A Cañiza, A Fonsagrada e Samos,  Ourense  entre outros.

Os lumes deste ano afectaron a zonas de alto valor ambiental  provocando danos ambientais, económicos e sociais de enorme magnitude, e obrigando a desaloxos preventivos en varios concellos.

Esta vaga de incendios prodúcese nun contexto de cambio climático, abandono progresivo do rural, acumulación de biomasa e falta de medidas preventivas estruturais que veñen sendo reclamadas dende este grupo parlamentario a través de múltiples iniciativas, así como   por sindicatos, expertos e colectivos sociais desde hai anos.

O Pladiga 2025, aprobado e presentado fóra de prazo, non incorporou as medidas necesarias para facer fronte aos incendios convectivos ou de sexta xeración, nin garantiu a profesionalización e estabilidade laboral do operativo de prevención e extinción. A contratación de brigadas municipais e de fixos descontinuos segue sendo temporal e limitada aos meses de maior risco, o que impide realizar traballos de silvicultura preventiva ao longo do ano.

Asinado o día 13/08/2025 ás 10:37
Por Lara Méndez López
Asinado o día 13/08/2025 ás 10:37
Por Carmen Rodríguez Dacosta
CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:40:21
Nº Rexistro: 30930
Data envio: 13/08/2025 10:40:21.020

Por todo isto, e á vista da situación actual reclamamos de novo á Xunta de Galicia que modifique de xeito inmediato a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Por que o Goberno galego non ten mudado o sistema de loita contra incendios a pesar da advertencia dos expertos a raíz da vaga de lumes do ano 2017?

2. Que actuacións se teñen realizado para elaborar e implantar plans de autoprotección e evacuación nos núcleos de poboación situados en zonas de alto risco de incendio?

3. Que medidas específicas se están a aplicar para facer fronte aos incendios de sexta xeración e minimizar os seus efectos?

4. Con que número real de efectivos contaba o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais no momento de se declararen os primeiros grandes incendios deste verán?

5. Que medidas de reforzo de medios humanos e materiais se adoptaron con carácter inmediato ante a gravidade dos lumes en Ourense, Ponteceso, A Fonsagrada e outros puntos de Galicia?

6. Cal é o grao de execución dos traballos preventivos previstos no Pladiga 2025 antes do inicio da tempada de alto risco?

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7. Por que non se modificou o modelo de contratación de brigadas municipais e fixos discontinuos para garantir traballos preventivos todo o ano, tal e como levan anos recomendando os sindicatos e expertos?

Parlamento de Galicia, 13 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:40:21
Nº Rexistro: 30930
Data envio: 13/08/2025 10:40:21.020

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/08/2025 10:37:25**

**Lara Méndez López na data 13/08/2025 10:37:35**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:40:21
Nº Rexistro: 30930
Data envio: 13/08/2025 10:40:21.020

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 10:40:21**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:49:28
Nº Rexistro: 30933
Data envio: 13/08/2025 10:49:28.895

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Sonia Vidal Lamas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o CEIP Carlos Cid Arregui sito en  Rairiz de Veiga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Carlos Cid Arregui, situado no concello de Rairiz de Veiga, representa un dos piares esenciais para o sostemento do tecido social e demográfico no rural galego. Trátase do único centro de ensino infantil e primaria deste concello da comarca da Limia, e polo tanto cumpre unha función educativa, social e territorial de primeira orde. Nun contexto no que o despoboamento, o envellecemento da poboación e a perda continuada de servizos públicos afectan severamente ao rural galego, a existencia de centros educativos operativos, accesibles e ben dotados non é un luxo: é unha necesidade estrutural.

As instalacións deste centro, de carácter público, son amplas e ben situadas, cunha localización estratéxica que permite acoller alumnado de diferentes núcleos de poboación do concello, e mesmo doutros concellos limítrofes. A súa capacidade física permitiría, con vontade política e planificación racional, converterse nun centro de referencia para unha ampla zona rural. Conta con aulas, espazos comúns e zonas exteriores que, de estar plenamente aproveitadas e mantidas en condicións óptimas, poderían dar resposta a múltiples necesidades formativas, culturais e sociais do territorio.

Porén, esta potencialidade está sendo lastrada pola inacción da Xunta de Galiza en canto ao mantemento e mellora das infraestruturas educativas no rural. O CEIP Carlos Cid



Asinado o día 13/08/2025 ás 10:48
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Arregui, como tantos outros centros de ensino do interior, depende case en exclusiva do coidado e esforzo do propio profesorado e das familias. Son estas persoas quen, ano tras ano, pintan as aulas, manteñen limpas as instalacións e tentan compensar coa súa entrega a evidente falla de investimento e atención por parte da administración educativa.

En canto ao estado material do centro, é especialmente grave a situación da cuberta e das fiestras. Unha parte da cuberta foi substituída recentemente, pero non na súa totalidade, polo que persisten filtracións de auga e chove dentro do edificio cando se producen precipitacións. Este feito foi constatado por unha empresa subcontratada pola propia Xunta que visitou o centro no mes de novembro de 2024 para realizar unha avaliación técnica de riscos. Segundo comunicaron verbalmente á dirección do centro, a situación era "grave", e iso que naquela altura do ano aínda non se acadaran as baixas temperaturas propias do inverno nesta zona.

As fiestras actuais son moi deficientes: non son climali, senón de aluminio sinxelo, sen rotura de ponte térmica nin dobre acristalamento, o que provoca unha perda constante de calor e filtración de humidade. Esta carencia é especialmente preocupante nun contexto climático como o da comarca da Limia, onde as temperaturas durante os meses de inverno son habitualmente moi baixas, con xeadas recorrentes e temperaturas negativas que se estenden durante semanas.

Cómpre sinalar que, malia estas circunstancias, as aulas se manteñen quentes grazas ao esforzo do profesorado e do equipo directivo, que fan todo o posible para garantir un ambiente axeitado para o alumnado durante o horario lectivo. Porén, os corredores, os baños e as zonas comúns están a temperaturas moi baixas, o que compromete o confort e mesmo a saúde dos nenos e nenas.

En resumo, atopámonos ante un centro con grande valor pedagóxico, territorial e social, cunhas instalacións que poderían e deberían ser aproveitadas plenamente nunha estratexia de revitalización do rural, mais que está a sufrir o abandono da Xunta de Galiza,



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:49:28
Nº Rexistro: 30933
Data envío: 13/08/2025 10:49:28.895

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

nun contexto no que o mantemento de servizos públicos como o ensino é clave para frear o despoboamento e garantir a igualdade de oportunidades. A situación do CEIP Carlos Cid Arregui non é unha excepción, senón unha mostra máis da discriminación estrutural que sofre o rural galego nas políticas educativas e de infraestruturas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilitar copia do informe técnico elaborado pola empresa subcontratada no mes de novembro de 2024 sobre o estado da cuberta e das humidades no CEIP Carlos Cid Arregui?

. Que valoración fai a Xunta da situación actual das instalacións deste centro educativo, e que medidas prevé adoptar para garantir a súa seguridade, confort e funcionalidade?

. Ten previsto o Goberno galego a substitución integral da cuberta do edificio e das fiestras por outras con características térmicas e de illamento adecuadas para as condicións climáticas da comarca da Limia?

. Vai a Xunta estudar un plan específico de aproveitamento dos centros educativos rurais con capacidade infrautilizada como o CEIP Carlos Cid Arregui, coa finalidade de dotalos de servizos compartidos e uso comunitario?

. Cales foron os investimentos realizados pola Xunta no CEIP Carlos Cid Arregui nos últimos cinco anos e cales están previstos para o curso 2025 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:49:28
Nº Rexistro: 30933
Data envio: 13/08/2025 10:49:28.895

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 13/08/2025 10:48:30**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 10:49:28
Nº Rexistro: 30933
Data envio: 13/08/2025 10:49:28.895

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 10:49:29**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:17:36
Nº Rexistro: 30988
Data envío: 13/08/2025 13:17:36.206

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, queremos poñer en valor a recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE) do 1 de agosto de 2025, que validou a tramitación administrativa de certos proxectos de parques eólicos suspendidos cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG). Esta sentenza recoñece que a participación pública debe ser efectiva e producirse en fases temperás, sen obrigar á repetición do proceso tras a emisión dos informes sectoriais. Non obstante, a realidade fáctica e xurídica é que esta sentenza non desbloquea a tramitación dos case noventa parques eólicos que continúan suspendidos en Galicia por motivos medioambientais e pola fragmentación artificial dos proxectos.

Por outra banda, queremos destacar que a defensa xurídica ante o TJUE destes procesos non foi asumida pola Xunta de Galicia, senón polo Goberno de España. Este feito demostra a lealdade institucional e a colaboración entre ambas administracións. O Goberno central sempre mostrou disposición para defender e apoiar os proxectos eólicos galegos, actuando con responsabilidade e con compromiso coa sustentabilidade e o interese xeral.

Esta colaboración institucional debe ser un exemplo a seguir en todas as políticas públicas, especialmente nas relacionadas coa transición enerxética, onde a coordinación e a planificación estratéxica son fundamentais para garantir un desenvolvemento sostible.

Asinado o día 13/08/2025 ás 13:14
Por Lara Méndez López

Asinado o día 13/08/2025 ás 13:14
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo isto, reclamamos que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e realice unha planificación eólica seria, que respecte a normativa ambiental e evite máis conflitos xudiciais e danos ambientais, por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas concretas vai adoptar o Goberno galego para garantir que a nova planificación eólica respecte a normativa ambiental e evite fragmentacións artificiais dos parques eólicos?

2. Cantos parques eólicos están suspendidos xudicialmente por motivos medioambientais, e cantos por fragmentación?

3. Está previsto revisar os proxectos eólicos actualmente suspendidos para adaptalos ás proteccións e condicións ambientais necesarias para desbloquear a súa tramitación?

4. Vai o Goberno galego establecer protocolos de coordinación co Goberno de España para mellorar a xestión e planificación territorial do sector eólico?

5. Cando ten previsto o Goberno galego aprobar as zonas de aceleración renovable (ZAR)?

6. No novo Plan sectorial eólico en tramitación vaise ter en conta a ampliación da Rede Natura?

7. Que pasos está a dar a Xunta para resolver os litixios pendentes e evitar futuras suspensións que paralicen o desenvolvemento do sector eólico?

Parlamento de Galicia, 13 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG



28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:17:36
Nº Rexistro: 30988
Data envío: 13/08/2025 13:17:36.206

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 13/08/2025 13:14:31**

**Lara Méndez López na data 13/08/2025 13:14:39**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:17:36
Nº Rexistro: 30988
Data envio: 13/08/2025 13:17:36.206

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:17:36

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31007
Data envio: 13/08/2025 14:00:29.350

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O pasado 7 de agosto fíxose pública a decisión do Consello de Administración da Sociedade Impulsa de Galicia, S.A. —participada maioritariamente pola Xunta de Galicia— pola que se acordou a súa disolución e entrada en fase de liquidación. Esta decisión supón un recoñecemento explícito do fracaso absoluto da política industrial do Goberno galego e, en particular, do proxecto estrela co que o presidente Rueda e o seu Executivo pretendían abandeirar unha nova etapa industrial: o proxecto da macrocelulosa de ALTRI en Palas de Rei.

Impulsa de Galicia naceu coa promesa de ser un instrumento áxil para canalizar investimentos estratéxicos e xestionar proxectos industriais transformadores. Porén, a súa actividade estivo marcada pola opacidade, a ausencia de rendición de contas e a vinculación directa a un único proxecto industrial de alto impacto ambiental e socialmente contestado pola sociedade civil galega, como é o de ALTRI.

O Consello de Contas de Galicia, no seus informes xa sinalou que a Xunta de Galicia exercía unha *"influencia pública significativa"* sobre Impulsa, polo que debía garantir transparencia, publicidade e control democrático sobre a súa actividade. Pese a isto, non se fixo público o Memorando de entendemento asinado entre o Sr Conde -conselleiro de Economía de Industria e Presidente Impulsa de Galicia- e os promotores de ALTRI, nin se deu acceso á información detallada dos proxectos analizados, investimentos mobilizados ou criterios de selección.

Asinado o día 13/08/2025 ás 13:56
Por Lara Méndez López

Asinado o día 13/08/2025 ás 13:56
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31007
Data envio: 13/08/2025 14:00:29.350



Agora, coa súa disolución, o Goberno galego do PPdG pretende liquidar a sociedade sen dar explicacións ao Parlamento nin á cidadanía sobre o destino dos seus activos e sen clarificar se estes serán efectivamente transferidos a outra entidade pública como Recursos de Galicia, garantindo así a súa utilización en beneficio do interese xeral e non de intereses privados.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que esta maneira de actuar representa un exemplo máis do uso partidista e pouco transparente que o PPdeG fai das sociedades públicas, convertendo un instrumento que debía servir ao desenvolvemento industrial e á creación de emprego de calidade nunha ferramenta ao servizo de proxectos de dubidosa viabilidade social e ambiental.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia debe actuar para esixir transparencia, rendición de contas e unha xestión responsable dos recursos públicos, por iso, as deputadas que asinan queren coñecer en resposta escrita a contestación ás seguintes preguntas:

1. Por que se disolveu a sociedade pública Impulsa de Galicia,  prevese a posible transferencia dos seus activos e pasivos á Sociedade Recursos de Galicia, se aínda non se fixo público o memorando asinado cos promotores do proxecto industrial de ALTRI?

2. En que data e con que orde do día se reuniu o Consello de Administración de Impulsa de Galicia, S.A. para acordar a súa disolución?

3. Cal foi o criterio empregado pola Xunta de Galicia para decidir a disolución desta sociedade pública e que alternativas se barallaron?

4. Cal é o contido íntegro do memorando de entendemento asinado entre Impulsa de Galicia, S.A. e os promotores do proxecto de ALTRI?

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31007
Data envío: 13/08/2025 14:00:29.350



5. Cal é o detalle dos activos e pasivos de Impulsa de Galicia, S.A. no momento de acordarse a súa disolución e iniciar o proceso de liquidación?

6. Cal é o calendario previsto para a liquidación da sociedade e a transferencia dos seus activos?

7. Que medidas ten previsto o Goberno galego para substituír as funcións que viña desempeñando Impulsa de Galicia, S.A., garantindo unha política industrial transparente, participada e diversificada?

Parlamento de Galicia, 13 de agosto de 2025

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31007
Data envio: 13/08/2025 14:00:29.350

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 13/08/2025 13:56:40**

**Lara Méndez López na data 13/08/2025 13:56:49**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31007
Data envio: 13/08/2025 14:00:29.350

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 14:00:29**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:43:46
Nº Rexistro: 29623
Data envio: 28/07/2025 13:43:46.979

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, a cesión realizada polo CIFP de Cantería de Galicia dunhas esculturas co escudo de España e outra dunha virxe para actos da Xunta de Galiza e expoñer en espazos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño o Conselleiro de Educación, o Sr. Román Rodríguez, anunciou novidades nas instrucións para o vindeiro curso escolar, que serían publicadas posteriormente no DOG. Entre outras medidas atópase o control das actividades que se realicen nas aulas coa finalidade de amordazar as opinións críticas do alumnado e profesorado ante accións e decisións políticas que claramente están a prexudicar á cidadanía galega.

Malia esta orde emitida pola Consellería de Educación de "neutralidade ideolóxica" e "principios constitucionais", o Conselleiro participou na entrega dun escudo de España cedido polo CIFP de Cantería de Galicia á BRILAT, Brigada de Infantería Aerotransportable. A Escultura quedou colocada nas instalacións desta unidade do Exército de Terra  na Base General Morillo do concello de Vilaboa. Román Rodríguez fixo mención neste acto a outra escultura da Virxe do Carme cedida polo mesmo centro público de FP que foi colocada no porto pesqueiro do Berbés en Vigo.

Queda pois claro que lonxe de querer implementar medidas reais de convivencia máis democráticas, como di a orde, o que pretende o Goberno do PP na Xunta de Galiza é impoñer unha mordaza ao ensino e censurar todas as actividades que son organizadas



Asinado o día 28/07/2025 ás 13:42
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dentro dos centros escolares que buscan fomentar o pensamento crítico, tan só para frenar as ideas progresistas e democráticas, impulsando aquelas máis reaccionarias e ultras que eles mesmos fomentan.

Así acontece que a Consellería prohibiu aos centros exhibir bandeiras en apoio do pobo masacrado palestino, participar no ArteLixo en Redondela ou manifestarse en prol do uso do galego nas aulas e na sociedade, mentres se gastan millóns de euros en pagar ao profesorado de relixión para adoutrinar ao alumnado, se encargan escudos do estado español ou imaxes relixiosas para actos públicos oficiais con marcada tendencia ideolóxica da ultradereita.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Quen deu a orde de que o alumnado do CIFP de Cantería de Galicia elaborase esculturas con símboloxía e imaxes relixiosas que foron cedidas á Xunta de Galiza?

2.- Esa petición non vai contra as instrucións de control ideolóxico publicadas en xuño?

3.- É desta maneira como entende a Xunta a “neutralidade ideolóxica”?

4.- Quen decide a realización destas esculturas para outras entidades?

5.- Estes traballos fanse de acordo con algún convenio de colaboración?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:43:46
Nº Rexistro: 29623
Data envio: 28/07/2025 13:43:46.979

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 28/07/2025 13:42:19**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2025 13:43:46
Nº Rexistro: 29623
Data envio: 28/07/2025 13:43:46.979

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/07/2025 13:43:47**

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-tGZXmhMIC-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/